

**ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CPI CRUZ DO SAR**

**CURSO: 4º ESO**

**MATERIA: CULTURA CIENTÍFICA**

**DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

**DATA: 11/05/2020**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Coa finalidade de adaptar o ensino ás circunstancias que implican unha distancia e unha certa ralentización da aprendizaxe, redáctanse as seguintes adaptacións da programación para o presente curso.

Os bloques de contidos traballados, total ou parcialmente, durante o curso que tivo lugar de modo presencial foron os seguintes:

Bloque 1. Procedementos de traballo

Bloque 2. O Universo

Bloque 4. Calidade de vida

Durante o terceiro trimestre traballaremos os contidos do Bloque 3. Serán os especificados na seguinte táboa:

| Obxectivos   | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave   |
|--|--|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias.</li> <li>▪ CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra.</li> </ul>                             | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambiental.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> </ul>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir.</li> <li>▪ CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da</li> </ul>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>                               |

| Obxectivos        | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave |
|-------------------|--|--|--|--------------------|
|                   |  |  | sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.   | ▪ CSIEE            |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións. | ▪ B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións. | ▪ CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.  | ▪ CCL<br>▪ CSIEE   |
| ▪ f<br>▪ m        | ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable.  | ▪ B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.                  | ▪ CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.  | ▪ CSC              |
| ▪ f<br>▪ m        | ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable.  | ▪ B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc.             | <p>▪ CCIB3.6.1. Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético.</p> <p>▪ CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.</p> | ▪ CMCCT<br>▪ CSC   |

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>Avaliación</b>                    | <p><b>Procedementos:</b> observación sistemática do traballo que envían ao correo electrónico.</p> <p><b>Instrumentos:</b><br/> <b>Para os contidos de reforzo (<u>dirixidos a que o alumnado recupere a primeira e/ou segunda avaliación suspensas</u>).</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletín de actividades de reforzo.</li> <li>• Proba oral vía telemática. <b>Esta proba realizárase na semana do 8 ao 12 de xuño.</b> A data exacta será pública na Aula Virtual durante a semana do 25-29 de maio.</li> </ul> <p><b>Para os contidos de ampliación (<u>dirixidos a todo o alumnado, incluídos os que teñen algunha avaliación suspensa</u>):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballos nos que se poda avaliar a adquisición de coñecementos e adquisición de competencias.</li> <li>• Visionado de vídeos explicativos confeccionados pola profesora e resolución de actividades propostas respecto ao mesmo.</li> <li>• Visionado de documentais proporcionados pola profesora e resolución de actividades propostas respecto ao mesmo.</li> <li>• Lectura dos resumos proporcionados pola profesora.</li> <li>• Lectura e resposta dos correos electrónicos remitidos pola profesora.</li> </ul>   |
| <b>Cualificación final</b>           | <p><b>CUALIFICACIÓN FINAL DO ALUMNADO QUE TIÑA A <u>PRIMEIRA OU A SEGUNDA AVALIACIÓN SUSPENSA</u>:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Boletíns de actividades</b> → A realización correcta dos boletíns proporcionará o <b>40% da nota</b> da avaliación suspensa.</li> <li>- <b>Proba oral vía telemática</b> que se realizará durante a semana do 8-12 xuño → Proporcionará o <b>60% da nota</b> da avaliación suspensa. A data exacta da proba será pública na Aula Virtual durante a semana do 25-29 de maio.</li> <li>- Cos resultados da primeira e segunda avaliacións, modificados polas actividades de recuperación e reforzo, realízase unha media ponderada (65% - 35%). Ten máis peso a nota da 1ª avaliación que a da 2ª avaliación, pois nesta última non foron impartidos de modo presencial a totalidade dos contidos previstos na programación.</li> <li>- A media das puntuacións obtidas nas <b>actividades de AMPLIACIÓN</b> poderá aumentar <b>ata 2 puntos</b> a cualificación final obtida pola media ponderada da primeira e segunda avaliación.</li> <li>- Para aprobar a materia en xuño, o alumnado ten que ter recuperadas tanto a primeira como a segunda avaliación. Se unha das avaliacións está suspensa, o alumnado terá que presentarse a proba extraordinaria de setembro, na que entrarán todos os contidos impartidos antes do estado de alarma.</li> </ul> <p><b>CUALIFICACIÓN FINAL DO ALUMNADO <u>SEN AVALIACIÓN PENDENTES</u>:</b><br/> Para a CUALIFICACIÓN FINAL considérase a nota correspondente aos contidos dos dous primeiros trimestres e tamén á das actividades de ampliación.</p> <p>→ Cos resultados da primeira e segunda avaliacións, modificados polas</p> |

|   |   |
|---|---|
|   | <p>actividades de recuperación e reforzo, realízase unha media ponderada (65% - 35%). Ten máis peso a nota da 1ª avaliación que a da 2ª avaliación, pois nesta última non foron valorados a totalidade dos contidos previstos na programación.</p> <p>→ A media das puntuacións obtidas nas actividades de AMPLIACIÓN poderá aumentar ata 2 puntos a cualificación final obtida pola media ponderada da primeira e segunda avaliación.</p>  |
| <p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>                                      | <p>a) <b>Proba escrita presencial</b> (exame): Se a situación sanitaria o permite, a tenor do disposto polas autoridades, na data e hora sinalada o alumnado afrontaría unha proba escrita, de tipo exame. Os contidos que entrarían nesta proba serían os impartidos antes da suspensión das clases.</p> <p>b) <b>Proba non presencial e boletín de actividades</b>: No caso contrario, o alumnado deberá entregar un traballo escrito para valorar a adquisición de coñecementos e competencias e a súa adaptación aos obxectivos mínimos. Tamén terá que facer unha proba non presencial vía telemática.</p>   |
| <p><b>Alumnado de materia pendente (Bioloxía e Xeoloxía pendente de 3º ESO)</b></p> | <p>Criterios de avaliación: - Resolución correcta das actividades e puntualidade nos prazos de entrega.</p> <p>Criterios de cualificación: Proporcionaráselle ao alumnado unha relación de actividades que terán como obxectivo traballar os contidos correspondentes á materia pendente. As actividades resoltas serán entregadas á xefa do departamento <b>antes do 5 de xuño do 2020</b>.</p> <p>A nota final da materia pendente dependerá da correcta resolución destas actividades e da entrega no prazo marcado. <b>A entrega fóra dese prazo traducirase nunha cualificación de 0.</b></p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Boletín de actividades.</p> |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|--|--|
| <b>Actividades</b>   | <p>AMPLIACIÓN → Realización dun boletín de actividades que será proposto semanalmente.</p> <p>REFORZO → O alumnado que teña a primeira ou a segunda avaliación suspensa terá que entregar un <b>boletín de actividades</b> para recuperar cada unha das avaliacións suspensas. Tamén realizará, como se detalla no punto 2, unha <b>proba oral vía telemática</b>.</p> |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <p><u>Alumnado con conectividade</u> →</p> <p>Vídeos titoriais grabados pola profesora e colgados na Aula Virtual do CPI dos puntos dos novos contidos do temario.</p> <p>Resumos feitos pola profesora e colgados na Aula Virtual.</p> <p>Boletíns semanais de actividades.</p> <p>Posibles sesións en Webex.</p> <p>Alumnado sen conectividade → non hai.</p>        |
| <b>Materiais e recursos</b>  | Aula Virtual do CPI, Boletíns de actividades, Libro de texto, caderno de clase, ordenador.   |

#### 4. Información e publicidade

|  |  |
|--|--|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | Aula Virtual da materia                          |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |